

Restitución das estatuas do Mestre Mateo

Museo do Pobo Galego



Exposición gratuíta

Dende 11 de decembro do 2025 ata o 31 de maio de 2026

Aberto: Martes, mércores, xoves, venres, sábados e domingos.

Horario: de 11 horas a 18 horas.

*Domingos: horario de 11 horas a 14 horas.

*Días 24 e 31 de decembro de 2025 horario de 11 horas a 14 horas.

Pechado: todos os luns.

*Pechado os días 25 de decembro de 2025 e 6 de xaneiro de 2026.

Linguaxe clara:

Este documento está en linguaxe clara.

A linguaxe clara usa palabras sinxelas

e frases curtas.

Así todas as persoas comprenden mellor a información.

Adaptación a linguaxe clara:

© **Federación Autismo Galicia.**

Texto en linguaxe clara segundo os contidos

dos textos de sala da exposición:

“Restitución das estatuas do Mestre Mateo”.

Texto benvida

Xa podes visitar no Museo do Pobo Galego as estatuas dos **profetas** Abrahan e Isaac.

Estas estatuas fíxoas o **Mestre Mateo**. As estatuas de Abrahan e Isaac formaban o **Pórtico da Gloria** da catedral de Santiago de Compostela do século doce. Mais co paso dos séculos as estatuas cambiaron de sitio en moitas ocasións.

As estatuas as roubaron nos anos 50. Sufriron o **espolio franquista** da época. As estatuas estiveron 70 anos en mans privadas.

As estatuas recuperadas son a nosa cultura. Agora todos os cidadáns desfrutamos destas obras de arte do **románico**.

Esta exposición é unha mostra da beleza do traballo do Mestre Mateo.

As estatuas de Abrahan e Isaac amosan un valor cultural, histórico e de identidade moi importantes para Galicia.

O regreso das estatuas ao museo pecha o proceso de devolución das obras roubadas.

Profeta

Persoa que oe a Deus.
O profeta ou a profeta espalla a mensaxe de Deus para todos nós.

Mestre Mateo

O Mestre Mateo foi un arquitecto e escultor galego moi importante.
O Mestre Mateo viviu no século doce.

Pórtico da Gloria

É o arco da entrada antiga da Catedral de Santiago.
Ten moitas esculturas de pedra. Todas as esculturas contan historias da Biblia.
O Mestre Mateo esculpiu o Pórtico da Gloria.

Espolio franquista

O Estado quitou obras de arte ou propiedades das persoas durante a ditadura de Franco.

Románico

Estilo de arte e arquitectura dende o século dez ata o trece. Foi moi importante en Galicia. As formas son simples e feitas de pedra. Por exemplo, o Pórtico da Gloria é unha obra do románico moi famosa.

Breve contextualización

As estatuas de Abrahan e Isaac esculpíronse no obradoiro do Mestre Mateo a finais do ano 1200.

As estatuas estaban postas no antigo Pórtico da Gloria. Este Pórtico **medieval** desapareceu no século dezaseis. O Pórtico da Gloria medieval tiña moitas estatuas de profetas do **Antigo Testamento**.

As estatuas de Abrahan e Isaac estaban no Pórtico da Gloria medieval.

As estatuas de Abrahan e Isaac son unhas figuras moi importantes da escultura de finais do século doce. Hoxe en día as estatuas de Abrahan e Isaac impresionan pola súa expresividade e a súa beleza.

Medieval

Que pertence á Idade Media. A Idade Media é un tempo na historia dende o século cinco e o século quince.

Nesta época construíronse moitos castelos, igrexas e mosteiros. Por exemplo a catedral de Santiago.

Antigo Testamento

É a primeira parte do libro da Biblia na relixión Cristiá. Fala de Deus antes de nacer Xesús.




Foto de Abrahan ou Xeremías





Foto de Isaac ou Ezequiel

Liña do tempo narrativa

1.

As estatuas dos profetas: Abrahan e Isaac,
esculpíronse para o Pórtico da Gloria no século doce.

As estatuas colocáronse por fora no antigo Pórtico da Gloria.



Debuxo do antigo Pórtico da Gloria medieval.

As estatuas do Pórtico da Gloria cambiáronse
de lugar ao paso do tempo.

A fachada medieval da Catedral de Santiago
cámbiase no século dezaseis.

Este cambio afecta as estatuas dos profetas.

Moitas das estatuas foron para os xardíns do pazo de Fonseca en Santiago.



Abrahan ou Xeremías



Isaac ou Ezequiel

Debuxos de Héctor Picallo.

O segundo Conde de Ximonde queda coas estatuas movidas do Pórtico da Gloria. As estatuas fican no pazo do conde en Vedra, en Santiago. As estatuas dos profetas postas no pazo son:

- de Abrahan, tamén chamado Xeremías,
- de Isaac, tamén chamado Ezequiel,
- de Elías,
- de Enoc,
- e de Santiago “**miles Christi**”.

Miles Christi

Miles Christi significa soldado de Cristo en latín.

No tempo repetíronse moitos cambios e movementos de obras e pezas culturais galegas.

A cidadanía é testemuña dos roubos e abusos sobre a nosa riqueza cultural ao longo da historia.

2.

Tres das estatuas do conde de Ximonde:
Elías, Enoc e Santiago “miles Christi”,
móstranse nunha exposición en Santiago no 1909.

As estatuas de Abrahan ou Xeremías,
Isaac ou Ezequiel, Elías, Enoc
e Santiago “miles Christi” fican
como parte das obras do Museo da Catedral
en Santiago no 1928.

O Concello de Santiago merca as esculturas
de Abrahan ou Xeremías, e Isaac ou Ezequiel
ao conde de Ximonde no ano 1948.

Coa compra, as esculturas son bens municipais públicos.

As esculturas de Abrahan ou Xeremías,
e Isaac ou Ezequiel, expóñense no Pazo de Raxoi.

Todas as persoas poden visitalas.

Co espolio franquista as esculturas de Abrahan
e Isaac trasládanse por orde de Carmen Polo no ano 1954.

Carmen Polo era a muller do ditador Franco.

As esculturas fican nun pazo privado da familia.

No mesmo tempo o conde de Ximonde colle
outras 3 estatuas da Catedral.

E tamén vende as estatuas de Enoc
e Elías ao Estado no ano 1954.

As esculturas de Enoc e Elías non saen de Galicia.

As dúas esculturas fican no Museo de Pontevedra.

Manuel Emilio Martínez-Baladrón García compra
a escultura de Santiago “miles Christi”.

Esta escultura é a derradeira do conde de Ximonde.

A escultura de Santiago acaba no **pazo** familiar
de Martínez-Baladrón en Negreira.

Pazo

Casa de nobre moi grande
onde vivían as familias ricas
e importantes.

Este tipo de casa é típica de Galicia.

3.

Asociacións culturais e cidadás esixen á filla de Franco a devolución das estatuas Abrahan e Isaac do Mestre Mateo no ano 2012.

En 2016 faise unha exposición adicada á obra do Mestre Mateo.

A exposición foi no Museo do Prado de Madrid.

A Real Academia de Belas Artes, a Fundación Catedral de Santiago, a Xunta de Galicia mais o Museo do Prado organizaron a exposición.

A exposición trasládase a Santiago no ano 2017.

Nese momento, moitas persoas e organizacións políticas piden a permanencia en Santiago das estatuas.

O Concello de Santiago denuncia ante a xustiza para recuperar as estatuas.

A decisión do **Tribunal Supremo** dalle razón ao Concello de Santiago anos despois.

Esta decisión di algo moi importante.

As estatuas roubadas no espolio franquista pertencen ao Concello de Santiago.

Tribunal Supremo

É a entidade xudicial superior en España.

O tribunal supremo fai cumprir as leis.


As actuacións para recuperar a herdanza cultural son moi importantes para a nosa comunidade.

Esta herdanza é moi importante para contar a historia dende a verdade.

A riqueza cultural é propiedade de toda a sociedade.

Liña do tempo visual

- 1) **Século doce:** o Mestre Mateo fai as estatuas dos profetas.
 - 2) **Século dezaseis:** renóvase a fachada medieval da catedral de Santiago. Algunhas estatuas quítanse.
 - 3) **Século dezaoto:** o segundo conde de Ximonde colle estatuas do pórtico e as leva para o seu pazo en Vedra.
 - 4) **Ano 1909:** Elías, Enoc e Santiago “miles Christi” están na exposición rexional.
 - 5) **Ano 19208:** as cinco estatuas do Pórtico Elías, Enoc, Santiago “miles Christi”, Abrahan ou Xeremías, e Isaac ou Ezequiel están no Museo da Catedral en Santiago.
 - 6) **Ano 1948:** O concello de Santiago merca as estatuas de Abrahan ou Xeremías, e a Isaac ou Ezequiel.
 - 7) **Ano 1954:** no espolio franquista as estatuas de Abrahan e Isaac fican no Pazo de Meirás.
- Tamén as estatuas de Enoc e Elías fican no Museo de Pontevedra.
- 8) **Ano 1956:** A estatua Santiago “miles Christi” mercada por unha persoa.
 - 9) **Ano 2017:** O Concello de Santiago denuncia ante a xustiza para recuperar as estatuas roubadas.
 - 10) **Ano 2025:** Devolución das estatuas ao Concello de Santiago.



Estatuas de Abrahan ou Xeremías, e Isaac ou Ezequiel.
